


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

15-16 de marzo do 2025

II SEMANA DO TEMPO DA CORESMA



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 3 Unha xuntanza de amor** estrofa 1

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

No noso percorrido cara á Pascua imos encontrar tentacións, como víamos na celebración da semana pasada, pero tamén imos encontrarnos con Xesús no alto do monte como nos mostra o Evanxeo de hoxe.

Para asistir a ese luminoso encontro, os apóstolos seguírono monte arriba, e aínda que estaban cheos de sono foron capaces de contemplar, participar e sentirse moi a gusto. Van chegar a dicir “que ben se está aquí”.

Se os apóstolos quixeran unha vida acomodada quedaríanse abaixo, sen o esforzo de subir o monte; ou quedaríanse arriba, lonxe de todo, a gusto, con Xesús e os profetas, sen nada máis de que preocuparse.

Pero non vai poder ser porque Xesús non se contenta coa COMODIDADE de estar a soas no alto do monte, El vai baixar á realidade do mundo, porque a vida faise dende o IMPLICARSE DANDO UNHA MAN, cos pes na terra.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Agora pómonos nas mans do Pai, porque moitas veces, pola nosa comodidade, estamos lonxe de poder ser luz e exemplo. Deixémonos perdoar por Deus e perdoémonos uns a outros. Xuntos rezamos:*

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogues por min a Deus, noso Pai.

Celebrante: *Deus Pai ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que sofren e non atopan nin respecto, nin comprensión, nin paz nas súas vidas. A todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe doídos co pouco ou nada que vale a vida nas terras de Palestina, a mesma na que viviu Xesús a súa Pascua.*

(Silenzio)

Celebrante:

Señor, noso Pai,
Ti que nos convidas a escoitar a voz do teu Fillo,
alenta coa túa Palabra a nosa fe
e purifica os ollos do noso espírito,
para que poidamos desfrutar
da contemplación da túa gloria,
e para que poñamos da nosa parte os esforzos
por fuxir das comodidades
implicándonos dando unha man.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *San Paulo na súa carta anima a vivir firmes a fe. No Evanxeo Xesús mostra a súa gloria aos elixidos para que cando cheguen os momentos difíciles da súa vida, poidan seguir crendo nel. Pero iso esixe esforzo e saír da propia comodidade.*

Neste tempo da coresma é o momento de analizar na nosa vida que cousas non nos deixan seguir a Xesús, que cousas nos acomodan, e escoitemos o que esta Palabra nos aconsella.

Leccionario I-C páx 64 **Flp 3,20-4,1** **LECTURA**
LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO
AOS FILIPENSES

Irmáns e irmás: a nosa patria está no ceo, de onde nós agardamos un salvador, Xesús Cristo, o Señor. El ha transformar o noso pobre corpo, reproducindo en nós a gloria do seu propio corpo con ese poder que lle permite someter incluso o mesmo universo.

Polo tanto, meus irmáns tan queridos e por quen sinto saudades, miña alegría e coroa, ¡seguid así firmes no Señor, queridíños!.

Palabra do Señor

🎵 **nº 50** **Na tardiña baixa da vida** **SALMO**

(en pé) *Leccionario I C páx 64* **Lc 9, 28-36** **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO LUCAS

Daquela, Xesús colleu a Pedro, a Xoán e mais a Santiago e subiu ao monte a orar. Mentres estaba orando, cambiou o aspecto do seu rostro, e os seus vestidos viraron brancos e resplandecentes. De súpeto apareceron dous homes falando con el; eran Moisés e mais Elías. Tiñan un aspecto glorioso e falaban do seu éxodo que remataría en Xerusalén. Pedro e mailos outros caían co sono, pero, manténdose espertos, contemplaron a súa gloria e os dous homes que o acompañaban.

Cando eles se arredaban, díxolle Pedro a Xesús:
- Mestre, ¡que ben que esteamos nós aquí! Queres que vos fagamos tres tendas, unha para ti, outra para Moisés, e outra para Elías?

Pedro non sabía o que dicía. E mentres falaba, unha nube cubriunos coa súa sombra; eles quedaron moi asustados ao entraren nela. Entón unha voz dixo desde a nube:

- Este é o meu Fillo, o Elixido: escoitádeo.

Cando a voz acabou, Xesús apareceu só. E eles gardaron silencio. E non lle dixeron a ninguén nada do que viran naqueles días.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Que nos propomos nesta segunda
semana da Coresma
con “dona coresma”?

Con ela seguimos descubrindo que
hai cousas que necesitamos arrincar
na nosa vida, porque non todo vale.

A semana pasada arrincábase a
tentación de ter e poder sobre os
demais, a tentación do COMPETIR.
Tamén cosíamos o remendo do
COMPARTIR.

Hoxe arrincámoslle á nosa coresma esta perna. (Arrincamos
a perna da 2ª coresma). É a perna da tentación de
acomodarnos, é a tentación da comodidade.

No evanxeo os apóstolos queren quedarse alí, non queren
baixar do monte porque están moi a gusto. En cambio Xesús
pide deixar a comodidade, pide abaixarse e achegarse á
realidade, aínda que sexa dura e escandalosa.

Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de
vivir (collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado
na perna que lle arrincamos á nosa “dona coresma”, colgamos
a perna na pinza, e pegamos o remendo na saia da vella).
Acabamos de remendar a vida da nosa dona coresma coa
actitude de IMPLICARSE DANDO UNHA MAN.



Temos arrincado algo que nos sobra, a
tentación de acomodarnos, e temos
cosido un novo remendo, porque mellor
irá a vida se a remendamos con
IMPLICARSE DANDO UNHA MAN.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial querendo
mellorar a vida dende o IMPLICARSE DANDO
UNHA MAN, proclamamos agora a nosa fe dicindo:
SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus, no Deus que é Pai e Nai,
que con misericordia nos acolle e nos perdoa,
e nos axuda a arrincar o que sobra na nosa vida?

SI CREEMOS

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
que nos convida a implicarnos dando unha man
fuxindo de acomodarnos?

SI CREEMOS

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para vencer os desexos de acomodarnos,
sendo xentes capaces de IMPLICARNOS?

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,
a comunidade das mulleres e homes
que queremos facer nosa a PASCUA de Xesús,
e por iso dóenos o nada que vale a vida
cando o único no que nos empeñamos
é en acomodarnos querendo vivir a costa dos demais?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe acudimos ao Pai conscientes das nosas comodidades, necesitados de dar unha man, e confiándonos a quen nos agarima. Digámoslle*

PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS

Monitor/a:

✓ Pola Igrexa, por cada parroquia, por OS COTOS, por cada cristián, para que vivamos a coresma como tempo de remendar IMPLICÁNDONOS. Oremos

✓ Polas xentes e os pobos que o están pasando escandalosamente mal, feridos nunha violencia que nos ofende e que non podemos entender. Oremos

✓ Polas persoas que se esforzan por mellorar a vida implicándose e dando unha man, dándonos exemplo para facelo mellor. Oremos

✓ Polas mulleres, para que nos esforzos e nas loitas pola igualdade, nos sintamos todos implicados. Oremos

✓ Por nós, que nestes días, da man de dona coresma queremos facelo mellor para chegar á Pascua arrincando da vida as comodidades e remendándoa co IMPLICARSE. Oremos

Celebrante: *Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para arrincar o que está mal e así remendar para facelo mellor e chegar á Pascua. Pedímoscho por Cristo, noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Imos rezar dicindo: “veña a nós o teu Reino”, pero sabendo que Deus conta coas nosas mans para construílo. O Reino é seu, pero facelo é cousa nosa. Xesús ensinoulle aos apóstolos a facelo implicándose e fuxindo das comodidades. Recemos:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Díxonos San Paulo na carta de hoxe: “seguides firmes no Señor”. Nós seguímolo no esforzo e na loita a prol da igualdade entre muller e home, seguímolo á beira dos refuxiados, seguímolo escandalizados coa violencia desexando que se refagan os camiños da paz. Non nos acomodemos, e deámonos unha man para a paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Participar na celebración é implicarse por construír o mundo con todas as mans. O camiño é facelo ben para non acomodarnos. Ditosos nós por facer camiño de coresma e compartir coma comunidade este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 ***Quen nos vai separar de Ti***

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor, noso Pai, dámosche grazas porque ao celebrar cada semana a fe coresmal fasnos descubrir a gloria das nosas vidas, reflexo da gloria de Xesús e anticipo daquela gloria definitiva, á que nos chamas na vida da Pascua.
Hoxe amósanos no alto do monte a Cristo, noso irmán e Señor, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

Con Xesús quixemos arrincar o que non nos deixa camiñar con dignidade. Quixemos deixar xa atrás o competir e as COMODIDADES, para remendar a nosa vida co compartir e co IMPLICARSE DANDO UNHA MAN.

A nosa celebración ten que ser tamén un remendo para vivir no día a día os pasos da coresma que nos achegan á PASCUA. Por iso cada quen pode levar para a casa o REMENDO de hoxe

IMPLICARSE DANDO UNHA MAN

(Repartimos os remendos para levalos para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
unha boa coresma,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

*Querendo facelo así de ben co noso remendo
podémonos ir en paz.*



*Na vida arrincamos o acomodarnos e
remendamos co IMPLICARSE DANDO UNHA MAN*

Facendo da Coresma camiño cara a Pascua con Cristo